

APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



M^a VICTORIA MORENO

(Valencia de Alcántara, 1939 - Pontevedra, 2005)

Foi unha profesora e escritora
en lingua galega.

Non é galega de nacemento mais
si o será de sentimento. Empregando
as súas palabras, a súa opción polo
galego foi “unha historia de amor”.

Ilustracións: Tania Solla
Textos: Polo Correo do Vento

Dedicouse principalmente á literatura infantil e xuvenil
e foi profesora de ensino secundario en varios institutos,
en Lugo, Vilalonga e Pontevedra.

Entre algúns dos seus libros máis coñecidos atópanse:
Mar adiante (1973), *Leonardo e os fontaneiros* (1986, que acada
o terceiro premio Barco de Vapor), *Anagnórise* (1988, considerada
unha das súas obras máis importantes; de feito aparece na
lista de honra da IBBY 1990), ou *Guedellas de seda e liño*
(1999, que recibiu mención especial White Ravens en 2002).

Sabías que
María Victoria Moreno
é a cuarta muller
homenaxeada co
Día das Letras
Galegas?

MULLERES GALEGAS

investiga



O Día das Letras Galegas celébrase cada ano o **17 de maio dende 1963**.
Escolleuse esa data en lembranza do centenario da publicación
da obra *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, en 1863.

Cada ano a Real Academia Galega reúne e elixe unha persoa para ser
homenaxeada ao ano seguinte atendendo aos seguintes requisitos:
Deberá ser unha persoa que teña unha obra relevante en galego,
ser unha persoa exemplar na súa calidade cultural e humana
e que pasasen alomenos dez anos do seu falecemento.

Este ano 2020 imos cumprir 58 edicións da festa máis importante
da nosa cultura. Mais ata o de agora, só figuran 4 mulleres
homenaxeadas fronte a 56 homes. Elas son: **Rosalía de Castro**,
Francisca Herrera Garrido, **María Mariño** e **María Victoria Moreno**.

REFLEXIONA, INVESTIGA E REDACTA:

Por que cres que hai tan poucas mulleres homenaxeadas?
Coñeces algunha muller máis que cumpra os requisitos?

María Victoria era unha firme defensora dos dereitos dos animais. Por iso aparecen en moitas das súas obras.

MULLERES GALEGAS

colorea



Encantáballe pasear os cans, Alma e Nico, polo barrio de Campolongo (Pontevedra).

Sabías que
María Victoria Moreno
era políglota?

MULLERES GALEGAS

curiosidades

Unha persoa **políglota** é aquela que fala varios idiomas.



María Victoria era unha apaixonada dos idiomas. Falaba: latín, árabe, portugués, francés, español, catalán, éuscaro, italiano, galego, un pouco de ruso e outro pouco de romanés.


INVESTIGA E INDICA no debuxo en que lingua nos está saudando María Victoria Moreno.

MULLERES GALEGAS

labirinto



Sabías que o coche de María Victoria tiña nome?
Síguela polo labirinto e averigua como se chamaba...



Sabías que
María Victoria Moreno
fixo uns debuxos para
o seu libro *Mar adiante?*

MULLERES GALEGAS

debuxa



Neste libro fálase dun barco que tamén
é unha escola e que se chama *Arroás*.

DESEÑA unha portada para este libro.